
R. 2751

CONSTRUÍR A PAZ

CULTURA PARA A PAZ



Xesús R. Jares (Coord.)

XERAIS

ÍNDICE DE ENSAIOS

INTRODUCCIÓN: A MIRADA GLOBAL DA PAZ. Xesús R. Jares 11

CAPÍTULO I

O MUNDO NO QUE VIVIMOS. ALGÚNS CONFLICTOS E RETOS URXENTES 23

- Mariano AGUIRRE: "As relacións internacionais despois da Guerra fría. A nova orde internacional". 41
- Pedro SAÉZ: "A relación Norte-Sur: Unha ruptura que se agrava". 46
- Hélène BARNIER/Celia ROS: "A situación no Norte de Africa. ¿A maior ameaza para a seguridade de España?" 55
- Carlos TAIBO: "Europa central e oriental: o conflicto permanente". 61
- Xulio RÍOS: "Os desafíos dunha zona emerxente: Asia pacífico. O seu papel económico-militar no século XXI". 67
- Joaquín RUÍZ-GIMÉNEZ: "O reto da infancia, entre a pobreza e a violencia, ao final do século XX". 74
- José Mª MENDILUCE: "Movementos migratorios a finais de século. O caso dos refuxiados". 81
- Miguel CANCIO: "A violencia urbana, a fractura social, o ocio hooligan e a intelixencia". 86
- Joaquín GARCÍA ROCA: "Pobreza, vulnerabilidade e exclusión social". 92
- Alberto ESTÉVEZ-AMNISTÍA INTERNACIONAL: "Os dereitos humanos no fin de século". 104
- Tica FONT e Arcadi OLIVERES: "O desarme pendente. Armamentismo e comercio internacional de armas. O caso de España". 111

- Margarita LEDO ANDIÓN: "A guerrra e a imaxe da guerra". 121
- Carlos BRAVO VILLA e José Luis GARCÍA ORTEGA-GREENPEACE: "Saúde, problemas medioambientais e militarismo". 126

CAPÍTULO II

PENSAR E ACTUAR PARA CONSTRUÍR A PAZ 137
- Johan GALTUNG: "Reflexións sobre a violencia para construír a paz". 139
- Xabier ETXEBERRÍA: "Claves do pensamento nonviolento". 161
- Adam CURLE: "Problemas da pacificación contemporánea". 170
- Alberto PIRIS: "Propostas para a reforma de Nacións Unidas nos ámbitos da paz e a seguridade internacionais". 177
- Adolfo PÉREZ ESQUIVEL: "Dignidade humana: dereitos humanos e desenvolvemento". 183
- Manuela MESA: "Paz e desenvolvemento: O papel das ONGs na construcción da paz". 189
- Roberto BERMEJO: "Do libre comercio ao comercio solidario e sostenible". 197
- Jesús Mª ALEMANY: "As relixións e a construcción da paz". 205
- Xesús ALONSO MONTERO: "A igrexa católica ¿está pola paz?". 211
- Jaime PASTOR: "¿É posible un futuro de paz verde? Reflexións sobre o futuro dos "novos" movementos sociais e a esquerda alternativa". 216
- Mª Xosé QUEIZÁN: "A guerra permanente. A perspectiva feminista da paz". 221
- Rafael SÁINZ DE ROZAS: "Obxección de conciencia e insubmisión". 228
- Rigoberta MENCHÚ: "Reflexións sobre a cosmovisión indíxena para unha cultura de paz". 234

CAPÍTULO III

SE QUERES A PAZ... EDUCA PARA A PAZ 239
- Xesús R. JARES: "O nacemento e significado da educación para a paz". 249
- UNESCO: "A Unesco e a educación para a comprensión internacional". 258
- Magnus HAAVELSRUD: "Dende as perspectivas da aprendizaxe continua". 264
- Jurjo TORRES: "Desarmando currícula opresores: ensino e preparación para unha sociedade globalizada e diversa". 272
- José Antonio MARINA: "Un código ético para os rapaces do 2000". 283

QUEN É QUEN 313

A GUERRA E A IMAXE DA GUERRA

Margarita Ledo Andión*

Un poema de Juan Rulfo, e un verso no poema de Rulfo "la verdad es que cuesta trabajo acostumbrarse al hambre", ao abrir o libro de Sebastião Salgado *Otras Américas*, vaise situando por entre as imaxes coma ese sinal que dirixirá o noso modo de mirar.

A verdade é que custa traballo acostumarse a unha nova axencia fotográfica que se chama O Pentágono, víñanos dicir a voz en off dun audiovisual presentado pola axéncia *France Press* e a revista *L'Evenement du Jeudi* na apertura dos Encontros Internacionais da Foto, en Arles, o 6 de xullo do 1991, ao denunciar a censura e a imposibilidade de lle dar cobertura informativa á guerra contra o Irak.

Cinco anos despois, soamente sabemos, por estimación, o número de víctimas; sabemos que "a guerra cirúrxica" non o foi tal e que o sesenta por cento das bombas erraron os seus obxectivos; comezamos a saber por unha investigación xornalística emitida pola cadea ARTE que outro dos *falsos acontecementos* construídos para fomentar a cultura de guerra, e para xustificar a votación favorable do Senado usamericano para *entrar en guerra,* foi o dos soldados irakianos desconectando as incubadoras de 386 bebés. Contados un a un, relatado a través de testemuñas directas que ollaron como as criaturas eran abandonadas encol do chan xeado, testemuñas que choraron ao rememorar o que tiñan visto diante da Comisión correspondente do Senado, como aquela rapaza de 15 anos que, pasado o tempo, resultou ser a filla do embaixador da Arabia Saudí no Canadá.

E todo isto ás portas do que se nos apresenta como o paraíso, a viaxe sen retorno pola Autoestrada -global- da Información.

Imos para as bambalinas, que nos preparan a entrada ao paraíso, ímonos collendo como exemplo a foto e a creba de todas as convencións que, na historia, definiran o seu uso na prensa e as regras de xogo dos seus profesionais.

---

* **Margarita Ledo Andión** é catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago.

Da Guerra Civil española á Guerra do Golfo

Nas primeiras décadas do século -ata o 1936, no caso do Estado español- asistimos ao albor do que se coñece como comunicación de masas. A parte visible deste fenómeno localizámola na incorporación das características da empresa moderna á prensa -coa publicidade e a profesionalización-, na aparición de novos medios como a radio ou no desenvolvemento de xéneros cribles como a reportaxe, xéneros que configuran o cerne do discurso realista que imperaba na información, igual que a día de hoxe impera o da espectacularización.

Como elemento substantivo de toda esta fase, a foto mantivo a herdanza do efecto-verdade, o espello do que acontecía no real, e definiu a grande época da instantánea e do estilo documental. Ata que o real non nos deixa lugar entre o que é xusto e mais o que é inxusto. E a recén estreada reportaxe fotográfica ten o seu campo de operacións na Guerra Civil española e, após, na II Guerra Mundial: "Cómpre que escollas o teu campo". A frase de Robert Capa, arquetipo do fotógrafo de guerra, é o punto de referencia para unha liña limpa e longuícua que desemboca na Axéncia Magnum, da que será co-fundador, e na xeración Vietnam, ateigada de fotógrafos e de fotógrafas independentes.

Para a prensa gráfica veu despois o peche de fronteiras. Na Guerra dos Seis Días. Nas Malvinas. Na invasión da illa de Granada. O erro do xeneral Westmoreland, deixándolle carta branca aos xornalistas con cámara no Vietnam, non se repetirá. Panamá, o ensaio xeral previo ao Golfo para probar o comportamento dos medios de comunicación, remata confirmando as teses de Mike Deaver (de seguido entrará en escea) coas que se planea a cobertura en imaxes da Cruzada pola liberdade de pozos petrolíferos no Kuwait. A morte de Juantxu Rodríguez, fotografando para venderlle o seu traballo ao diario *El País*, considerase quase accidental.

Se seguimos este proceso de domesticación informativa dende os centros de decisión e en base ao relato de Mark Hertzgaard, o plano de reconversión dos Medios en instrumentos gubernamentais conxugou, nunha primeira fase, a caza de bruxas e a aparición de grupos de presión nos USA -*Accuracy in Media* (Obxectividade nos Medios)- que se ergueron contra da "influencia procomunista" na prensa. O núcleo orgánico, o Departamento de Contrainformación da Casa Blanca (época Reagan), artella, en paralelo, un recambio de grandes consecuencias: a Política, coma un producto calquera, venderáse a través das Relacións Públicas e pasarase a controlar a Información mediante a Comunicación. O seu artífice chámase Mike Deaver. O seu credo, ao abeiro de sondaxes, da análise dos Medios, e da consigna de "nutrir a prensa", endexamais estar á defensiva se non confeccionarlle a información, escoller aos xornalistas febles, ofertarlle aos fotógrafos o favor da imaxe de oportunidade -esa imaxe casual, do Presidente paseando ou nunha actividade que sorprende, e tan falsa coma o episodio dos bebés- concretouse en tres puntos: á xente non lle gusta a realidade; a memoria é curta; a imaxe prima sobre doutras mensaxes.

E deste xeito, chegado o momento, puido trocarse o documento pola ficción.

A Guerra do Golfo

Todas nós, persoas que vemos a televisión, se forzamos a memoria e procuramos a primeira imaxe que temos da invasión de Kuwait lembrarémonos dun vídeo doméstico, gravado na clandestinidade e distribuído a todo o mundo. Un vídeo dun cidadán calquera, deducimos, que mantén o anonimato por razóns de seguridade pero que tivo a coraxe de se expoñer para que nos ampliemos a nosa visión. Tratábase dun vídeo **falso**, unha simulación rodada no deserto americano pola firma Hill and Knowlton, firma que conta entre os seus accionistas ao propio Mike Deaver, mentres en Indiana, no Forte Benjamin Harrison, a equipa militar americana encarregada dos encontros coa prensa recebe cursiños especiais para confeccionar os *briefing* (as últimas informacións). Na fin da Guerra, e denantes da desfilada trunfal e cor de rosa, Deaver sentenciou: a estratexia militar foi concibida en función da súa cobertura visual.

Cada secuencia televisiva era revisada pola censura militar, *cleared*; cada foto que se difundiu

levaba o carimbo *DOD* (department of defense) e levaba, ás veces, instrucciónS precisas da área de circulación: *European only.*

Coas cartas á vista aos Medios informativos restoulles a posibilidade da auto-exculpación.

¿Por que vieiros foron conducidos a aceptaren o control, a imposición, a manipulación, a simulación de batallas mentres nin sequera podían confirmar operacións sobre a poboación civil? Os xornalistas ¿por que se prestaban a facer de figurantes? Por que se deixaron guiar, unha e outra vez, polos funcionaros israelíes que os recollían nos hoteis de Tel Aviv cara fogares onde, con cámaras anti-gas procedíase a dramatizar a situación? ¿Por que non vimos as imaxes do terror?

"Endexamais un exército en retirada fora así masacrado", escribiu o sábado 2 de marzo o londinense *The Observer* no pé de foto dun corpo achicharrado no interior dun tanque.

¿Por que axencias de fonda tradición profesional, como a France Press, serviron imaxes do DOD? ¿Por que, en definitiva, se aceptaron as condicións de "cobertura" impostas polo Pentágono?

Segundo Howell Raines, redactor-xefe do *New York Times* e un dos membros da comisión negociadora para definir cos militares as normas que ían atinxir á prensa durante o conflicto, durante a primeira fase das negociacións a temática foise para asuntos prácticos (visados, transportes, equipamentos...) e, sen mediar discusión, o Pentágono presentáballes un documento con sete páxinas de restricciónS, documento que provocou a protesta unánime dos representantes dos xornalistas e que, nunha segunda volta, con seudo-modificacións, adquire o estatuto de Ultimatum: ou si, ou non.

A comisión pensa, entón, na interposición dunha acción xudicial -declarará Raines ao magazin francés *Le Nouvel Observateur*- pero, "de súpeto, a guerra comezou".

Unilateralmente, e por non incorporar fotógrafos franceses no *pool* de profesionais acreditados, a France Press interpón querela contra o Pentágono o 7 de febreiro igual que o fará, contra da Administración Bush, o *Center for Constitutional Rigths.* Anque, de feito, unha parte significativa dos xornalistas seguiron tan ao pé da letra as restricciónS que ao pouco de rematar a guerra o portavoz do DOD, Mrs. Peter Williams, enfatizou: "Gracias a eles (os xornalistas) o exército é máis respectado". Tamén, e como a pescadiña que se roe o rabo, nos resultados dunha enquisa publicada en *Newsweek*, o 59 por cento da poboación dos Estados Unidos ten, a raíz do Golfo, en mellor opinión aos rapaces dos Medios.

No debate profesional que se seguiu na fin da guerra, o *International Press Institute* recabou informes de vintedous reporteiros ingleses para tentar achegar algunhas conclusións a propósito dos resultados *efectivos* do *pool*, do *Media Reponse Teams* (¿servirá ou non a fórmula para futuras ocasións?), para analizar se estar coas tropas implicou se *auto-censurar* así como o trato dado polos militares aos xornalistas independentes, aos *unilateral freelancers.*

O que se avantou foi en recoñecer, pola primeira vez, que non é posible tirar conclusións. Admítese, pois, a división profesional; obsérvanse diferentes interpretacións dos protagonistas segundo os seus intereses diferentes; maniféstase que fican dúas áreas sen datos -precisamente a que se refire ás perdas irakies e ao "acerto" operacional-, e afírmase que quizais non sexan compatibeis unha guerra moderna -mantemos os calificativos- e mais o moderno xornalismo.

Para Peter Preston, editor do xornal *The Guardian* e membro da executiva do *IPI*, é mellor deixar que as declaracións falen por sí.

Kate Adie (*BBC*) mantén que no trato, e dende as Malvinas, andouse moito camiño tocante a confianza entre prensa e exército. Por suposto, Kate defende a función que tivo o MRT, xusto o contrario do representante da axéncia *Reuters*, Rodney Pinder, quen asegurou que a mellor información chegou dende aqueles que desafiaron as regras, ou que Sandy Gall, *freelancer*, que falou de expulsións, retirada de pases e falla de protección para os xornalistas que non eran do *pool.*

Concluímos lembrando cal tipo de representación se programou, con que estereotipos, que imaxes, para visualizar a guerra, xa tiña decidido o DOD, o Departamento de Defensa, e que resposta lle deu a algunha interferencia na programación.

Na fase inicial do que se anunciaba como *guerra ultra rápida*, sen fotógrafos nin cameramas independentes, os Medios recorreron á Infografía e mais á imaxe-video rexistrada dende a mira operacional, complementada con fotos de personaxes institucionais (o mito do pai), con fotos-recurso

(casas destruídas, disparos, mulleres en chador) e con iconos propios do "factor humano" (a foto do bebé no casco da soldado) en contraposición con imaxes ficcionais do guerreiro coa máscara ou a decoración do morro dos avións con debuxos dos comics de acción.

Na segunda semana de febreiro chegan as contra-imaxes. Chegaron co bombardeo dun refuxio civil e chegaron dende manifestacións en Amman, e dende as cidades máis representativas de Europa e dos Estados Unidos, anque destas últimas nós soubémolo despois, gracias a xiras de cantantes como o de R.E.M, ou a redes alternativas como a de *Paper Tigers TV*.

A imaxe dunha rapaza de costas, con pelo longo e chambra, deixando a pegada da súa man ensanguentada sobre do muro branco subiu a todas as Páxina Un.

A réplica peor sucedida do DOD consistiu en sacar da neveira (dos arquivos) un cormoran contaminado polos efectos da destrucción dos pozos petrolíferos, un cormoran de quen o semanario francés *L'Evenement du Jeudi* informou da súa pertenza a unha desfeita ecolóxica que ocorrera ben anos atrás.

E, por fin, a ofensiva total e a simulación das fotos de acción co modelo das películas da II Guerra Mundial, nuns casos, ou xogando con certo imaxinario que o exército construira sobre Vietnam e que repetiu ao reinstalar a bandeira na Embaixada USA de Kuwait. Fileiras de homes coas mans atrás, en redomas de aramios, axeonllados, alongando os seus brazos por un anaco de pan; homes "cazados" no burato; homes sen horizonte, raza inferior.

Ata a desfilada da Victoria en Washington e New York, días 7/10 de xuño, con nenos, moza bailando, Schwarzkopf coa súa dona... e a portada da revista *Life*, do 11 de marzo, coa foto de familia na final da Guerra: os heroes rindo, Norman Schwarzkopf con algúns dos seus rapaces fotografados no deserto, soldados entre os que é doado distinguir hispanos, negros... un dos rapaces negros -denuncia a súa familia á vista da portada de *Life*- xa leva tempo morto. A imaxe do punto final é, tamén, unha simulación da anterior.

E así foi como as cousas sucederon dende os Medios de Comunicación. E así a necesidade latente da violencia, como remedio liso, continúa a campar no discurso dos Medios de Comunicación, nos procesos e nos materiais que se entrecollen ou se simulan para que aceptemos a guerra como inevitable e, unha vez consumados os seus obxectivos, retornemos, inocentes, para o tempo da gran reflexión.

Para saber máis

AA.VV. (1991): *Guerres et Television*. Centre de Recherche et d'Action Culturelle, Valence.

AA.VV. (1991): *Las Mentiras de la Guerra. Desinformación y censura en el conflicto del Golfo*. Deriva Editorial, Barcelona.

ENZENSBERGER, Hans M. (1994): *Perspectivas de guerra civil*. Anagrama, Barcelona.

FRACASSI, Claudio. (1992): *L'Inganno del Golfo, la guerra che nessuno ha raccontato*. Avenimenti, Roma.

ROJO, Alfonso, (1993): *Hotel Bagdad*.